

Corrección de erros.-Resolución do 12 abril de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no DOG nº 72, do luns, 19 de abril de 2010, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 6.070, artigo 4º (financiamento), onde di: «Para a concesión destas subvencións destinárase un crédito de dous centos dez mil euros (210.000 €) correspondentes á aplicación orzamentaria 04.50.312C.480.0. Este importe poderá ser ampliado nos casos establecidos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 30.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en función das maiores disponibilidades orzamentarias que se poidan producir na devandita aplicación», debe dicir: «Para a concesión destas subvencións destinárase un crédito de dous centos dez mil euros (210.000 €) correspondentes á aplicación orzamentaria 04.50.312C.480.0. Este importe poderá ser ampliado nos casos establecidos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 30.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en función das maiores disponibilidades orzamentarias que se poidan producir na devandita aplicación».

Na páxina 6.080, anexo II, onde di: «10.-Documentación que se achega coa solicitude (orixinal ou copia compulsada)», debe dicir: «9.-Documentación que se achega coa solicitude (orixinal ou copia compulsada)».

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 16 de abril de 2010 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 15 de abril de 2010 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Economía e Industria, agás a do organismo autónomo Instituto Galego de Consumo.

A aprobación da relación de postos de traballo da Consellería de Economía e Industria, agás a do organismo autónomo Instituto Galego de Consumo, xustifícase pola necesidade da adaptación da RPT á nova estrutura organizativa da consellería.

En consecuencia, por proposta da Consellería de Economía e Industria, consultadas as organizacións

sindicaís presentes na Mesa Xeral de Negociación da Comunidade Autónoma e a Comisión de Persoal, o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 15 de abril de 2010, adoptou o seguinte

ACORDO:

Primeiro.-Aprobar a relación de postos de traballo da Consellería de Economía e Industria, agás a do organismo autónomo Instituto Galego de Consumo.

Segundo.-Ordenar a publicación deste acordo no *Diario Oficial de Galicia* para os efectos da súa entrada en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Terceiro.-Clasificar de libre designación os postos que a continuación se relacionan en aplicación dos criterios de excepcionalidade que na marxe se indican, de conformidade co previsto no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e o disposto mediante Acordo do 28 de xaneiro de 2008 asinado polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e polas organizacións sindicaís.

Código	Denominación	Motivación
IN.C02.00.000.15770.107	Xefe/a Servizo Técnico Xurídico	-Asesoramento e dependencia directa dun alto cargo (Secretaría Xeral).
IN.C02.00.000.15770.130	Xefe/a Servizo de Informática	-Asesoramento e dependencia directa dun alto cargo (Secretaría Xeral). -Responsabilidade directa sobre os sistemas de protección de datos persoais de nivel medio segundo a clasificación establecida na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
IN.C99.10.000.15001.001	Xefe/a territorial	-A substitución dun alto cargo nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade deste, sempre e cando non exista un cargo intermedio
IN.C99.10.000.27001.001	Xefe/a territorial	-A substitución dun alto cargo nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade deste, sempre e cando non exista un cargo intermedio
IN.C99.10.000.32001.001	Xefe/a territorial	-A substitución dun alto cargo nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade deste, sempre e cando non exista un cargo intermedio
IN.C99.10.000.36001.001	Xefe/a territorial	-A coordinación ou dirección da inspección, nun determinado ámbito administrativo, sempre que non exista un posto xerárquico superior dos comprendidos nas relacións de postos de traballo.
IN.C99.10.000.36560.001	Xefe/a Servizo de Coordinación Industrial	-A coordinación ou dirección da inspección, nun determinado ámbito administrativo, sempre que non exista un posto xerárquico superior dos comprendidos nas relacións de postos de traballo.

Visto o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do quince de abril de dous mil dez, relativo á aprobación da relación de postos de traballo da Consellería de Economía e Industria, agás a do organismo autónomo Instituto Galego de Consumo, coa finalidade de cumprir o dito acordo, dispoño que se publique no *Diario Oficial de Galicia* como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2010.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda